

# Un ano máis no Río Pequeno

Un ano máis quixemos seguir participando en Proxecto Ríos coa finalidade de concienciar ó noso alumnado da importancia de conservar o medio natural a través do estudo do río como ecosistema, é dicir estudando o biotopo, a biocenose e as relacións existentes entre eles.

## 1.- Obxectivos:

- Iniciar ó alumnado no coñecemento do río como ecosistema.
- Facer dúas inspeccións do estado do río ó longo do ano: a de outono e a de primavera
- Realizar o estudo hidromorfolóxico, físico-químico e biolóxico do tramo elixido
- Cubrir as fichas cos datos recollidos e envialas a Proxecto Ríos
- Comparar os datos cos de cursos anteriores para ver a evolución do estado de saúde do río
- Sensibilizar ó alumnado da necesidade do desenvolvemento sostible do río e do entorno
- Conseguir o desenvolvemento de competencias básicas

## 2.- Datos obtidos

Estudamos 3 aspectos que reflicten o estado de saúde do río: calidade hidromorfolóxica, calidade físico-química e calidade biolóxica

2.1.- Calidade **hidromorfolóxica** : Para valorala, tivemos en conta 4 aspectos que son o hábitat, o bosque de ribeira, o caudal e as alteracións.

**Hábitat:** a auga flúe con un nivel habitual para a época do ano, hai unha frecuencia media de rápidos no noso tramo de río, o substrato son coídos e gravas con area e limos e tanto a cobertura de vexetación acuática coma a sombra sobre o río son moderadas. Isto lévanos a unha valoración final do hábitat bastante boa, de 67 puntos, que se interpreta como un hábitat ben constituído, excelente para o desenvolvemento das comunidades de seres vivos que despois estudaremos.

**Bosque de ribeira:** Para unha primeira valoración empregamos o índice QRISI aplicándoo nas dúas marxes. Na dereita ten calidade moderada, con bastantes árbores propias de ribeira (amieiro, salgueiro, loureiro, bieiteiro, freixo, ...) pero na esquerda ten calidade bastante menor xa que a intervención humana está máis presente (prado, casa, ...)

**Alteracións:** Fixámonos que a auga é transparente, dá aparencia de moi limpa, non ten ningún cheiro que puidera indicar algún tipo de vertido, hai moi poucos impactos detectados (algún bordo rozados e unha pequena represa que antigamente desviaba auga para un muíño), e case non atopamos ningún residuo en todo o recorrido. Respecto ás marxes, a dereita, está mellor, con árbores típicas de ribeira e a esquerda está coidada pero con maior alteración humana e menos árbores.

2.2.- **Calidade físico-química.** Medimos unha serie de parámetros e os resultados son os seguintes:

- Temperatura da auga 13,5° no outono e 14 en primavera
- Transparencia boa. Nas dúas inspeccións se apreciaron os 4 sectores.
- Porcentaxe de nitratos de 5mg/l tanto en outono como en maio.

- Porcentaxe de osíxeno disolto na auga de 4mg/l que se mantén ó longo do ano e nivel de saturación do 35% en outono e do 36% en primavera.

2.3.- **Calidade Biolóxica:** para valorala, fixémonos sobre todo nos macoinvertebrados que son excelentes bioindicadores, pero tamén nas plantas acuáticas e de ribeira, nas árbores e nas especies exóticas invasoras.

- **Plantas acuáticas:** Identificamos algunha das máis típicas como pé de boi, lirio amarelo, ranúnculo ou herba das almorranas, lentella de auga e espiga de auga.

- **Árbores de ribeira:** Clasificamos coa axuda das claves as árbores típicas de ribeira como ameneiro, salgueiro, freixo, bieiteiro e loureiro.

- **Plantas invasoras:** Fixámonos sobre todo nos eucaliptos que rodean a zona e tamén nos carballos americanos e nas cerdeiras ornamentais que hai nas marxes dereita e esquerda respectivamente.

- **Macroinvertebrados:** Recollemos cos trueiros mostras de auga para analizar a presenza de determinados organismos no río, chamados bioindicadores, que dan unha idea da calidade do ecosistema. Identificámoslos valéndonos das fichas facilitadas por Proxecto Ríos e son os seguintes:

- Tricópteros – son larvas de insectos que fan estuches con pedriñas, areas, anacos de madeira,... (3 tipos: Bracycentridae, Hydropsychidae e Limnephilidae)

- Plecópteros – ( Leuctridae)

- Efemerópteros – larvas de efímeras (Baetidae)

- Dípteros – larvas de moscas ( Simulidae)

- Larvas de libélulas: Gomphidae e Libellulidae

- Moluscos: lapas (Ancilidae) e caracois (Lymnaeidae)

- Heterópteros coma o zapateiro común (Gerridade)

### **Conclusións:**

Tendo en conta que cada familia de macroinvertebrados ten unha categoría (moi boa, boa, moderada, deficiente e mala) e que para determinar o rango de calidade debemos atopar polo menos 3 familias representadas que indiquen a mesma categoría, chegamos á conclusión de que o tramo de río estudado presenta boa calidade porque bioindicadores deso son as larvas de libélulas, os tricópteros e as efémeras. Tamén atopamos algunha larva de díptero (Simulium) que indican calidade mala, pero hai que ter en conta que os individuos pouco esixentes poden vivir en condicións boas pero ó revés non é posible: os que indican estado bo ou moi bo, non sobreviven en ambientes deficientes. Polo tanto concluímos que o **estado de saúde do río segue a ser bo.**